

ACTA NÚM. 3_RECLAMACIÓN_ ELABORACIÓN DUNHA DOBRE LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A OFICINA DE TURISMO DE RIANXO

Proceso selectivo: LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A OFICINA DE TURISMO DE RIANXO

Na sala de reunións da Casa do Concello de Rianxo, ás 09:30 h do día 19/08/2020, reúnese o Tribunal Cualificador que avalía as probas selectivas para a elaboración dunha dobre LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL PARA A OFICINA DE TURISMO DE RIANXO segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 111/2020, do día 20/02/2020 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 181/2020 do 12/03/2020, coa seguinte composición:

Presidenta: Natalia Galbán Rubio, técnica de medio ambiente e turismo municipal (II)

Vocal: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades municipal (II)

Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

O tribunal reúnese para revisar as reclamacións presentadas polas persoas aspirantes despois da publicación da acta núm. 2 coa valoración global do proceso.

O día 18/08/2020 a aspirante Beatriz Roo Vázquez presentou no Rexistro (RXE núm. 202099900000956) a súa reclamación sobre a puntuación obtida no concurso do proceso de selección.

O Tribunal revisa a documentación presentada pola aspirante, en tempo e forma, e decide **estimar** a súa reclamación coa seguinte valoración:

APELIDOS E NOME	Expe-riencia	FORMACIÓN					Subtotal Concurso
		Titul. Univ.	Form. Compl.	Galego	Idiomas	Subtotal Formac.	
ROO VAZQUEZ, BEATRIZ	1,50	0,00	1,00	0,00	0,75	1,75	3,25

A aspirante non está incluída na listaxe correspondente ao Programa da Xunta de Galicia.

Así, é preciso modificar unicamente a orde de prelación para a listaxe correspondente ao Programa da Deputación Provincial da Coruña e que queda como se indica na seguinte táboa:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
1	GONZALEZ SOÑORA, FRANCISCO	8,67	5,60	14,27
2	GARRIDO SILVA, MONICA MARIA	8,50	4,90	13,40
3	ROMERO REY, CRISTINA	8,17	3,50	11,67
4	LAIÑO PIÑEIRO, ALEJANDRO	7,67	2,70	10,37

5	ROO VAZQUEZ, BEATRIZ	5,83	3,25	9,08
6	CORNADO RODRIGUEZ, LUCIA	5,17	3,90	9,07
7	SUAREZ ARTIME, BELEN	5,33	3,40	8,73
8	FERNANDEZ DOMINGUEZ, RITA MARIA	5,33	2,55	7,88
9	ORDÓÑEZ AGRAFOJO, RAQUEL	6,50	0,75	7,25

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:25 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal.